

REGULAMENTO MUNICIPAL DOS VERTIDOS NON DOMÉSTICOS DE AUGAS RESIDUAIS Á REDE DE SUMIDOIROS.

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1

O presente documento regula os vertidos non domésticos de augas residuais á rede municipal de sumidoiros procedentes das actividades que se desenvolvan no termo municipal de Vilalba, Lugo.

Para os efectos do presente regulamento, considérase vertido non doméstico toda materia residual sólida, pastosa, líquida ou gasosa, incluíndo as augas de refrixeración, de lavado ou de proceso, resultantes da actividade manufactureira ou industrial ou do desenvolvemento, recuperación ou procesamento de recursos naturais.

Artigo 2

As normas contidas na presente ordenanza serán aplicables, a tódalas instalacións, establecementos, actividades, industrias ou almacéns, susceptibles de efectuar vertidos non domésticos de augas residuais, sexan públicos ou privados, calquera que sexa o seu titular, existentes ou que no futuro se establezan, cando estean enclavados no termo municipal, e que se denominarán xenericamente "actividades".

Artigo 3

Contéñense neste regulamento as condicións e limitacións dos vertidos non domésticos tendo en conta a súa afección á rede de sumidoiros, estacións depuradoras, medios receptores e o posible aproveitamento dos subproductos, así como impedindo a xeración de riscos para o persoal encargado do mantemento das instalacións e para a saúde pública.

Artigo 4

Serán, así mesmo, aplicables ós dispositivos de evacuación de vertidos, ás acometidas á rede de sumidoiros, e, en xeral, ás instalacións establecidas para esta finalidade, tanto as normas contidas nos instrumentos de planeamento urbanístico ou de urbanización, como ás regulacións sectoriais que lles afecten. En especial, toda actividade que use a rede pública de sumidoiros para evacúa-los vertidos líquidos deberá dispoñer da correspondente identificación industrial.

TÍTULO II

CONDICIÓN DOS VERTIDOS

CAPITULO I- VERTIDOS PROHIBIDOS

Artigo 5

Queda totalmente prohibido verter directa ou indirectamente á rede de sumidoiros augas residuais ou calquera outro tipo de refugallos sólidos, pastosos, líquidos ou gasosos que, por razón da súa natureza, propiedades e cantidade causen ou poidan causar, por si sós ou por interacción con outros refugallos, algún ou varios dos seguintes efectos sobre a rede de sumidoiros:

a) Formación de mesturas inflamables ou explosivas.

b) Efectos corrosivos sobre os materiais constituíntes da rede municipal de sumidoiros, as súas instalacións, as instalacións e equipos das estacións depuradoras ou a alteración ou destrución dos procesos de depuración.

c) Creación de condicións ambientais molestas, nocivas, tóxicas ou perigosas que impidan ou dificulten o acceso ou o labor do persoal encargado da limpeza, mantemento ou funcionamento das instalacións, ou poidan ocasionar calquera molestia ou perigo público, e en concreto a formación de gases tóxicos nos colectores que superen as concentracións máximas que se recollen no Anexo II do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

d) Produción de sedimentos, incrustacións, ou outras obstrucións físicas que dificulten o libre fluxo da auga polos colectores, obstaculicen os traballos de limpeza, conservación e arranxo da rede de sumidoiros, como cinzas, borralla, area, barro, palla, labra, vidro, plásticos, trapos, plumas, alcatrán, madeira, lixo, esterco, pezas metálicas, desperdicios de animais, pelo, vísceras, pezas de vaixela, amianto, envases de calquera material e outras semellantes, sexan enteiras ou trituradas por motivos de desperdicios.

Artigo 6

Queda prohibido verter á rede de sumidoiros calquera dos seguintes produtos:

a) Gasolinas, naftas, petróleo, e produtos intermedios de destilación, benceno, tolueno, xileno e calquera disolvente ou líquido orgánico inmiscible en auga e combustible ou inflamable.

b) Todo tipo de aceites industriais con base mineral ou sintética, lubricantes que se volvesen inadecuados para o uso que se lles asignara inicialmente e, en particular, os aceites usados dos motores de combustión e dos sistemas de transmisión, así como os aceites minerais lubricantes, aceites para turbinas, sistemas hidráulicos e outras emulsións.

c) Residuos que polas súas concentracións ou características tóxicas ou perigosas requiran un tratamento específico ou control periódico dos seus efectos nocivos potenciais, e en especial os regulados na Lexislación de residuos tóxicos e perigosos, os residuos líquidos ou augas residuais que conteñan policlobifenilos (PCB) ou policloroterfenilos (PCT).

d) Augas residuais cun valor de pH inferior ó 6 ou superior ó 10.

e) Disolventes orgánicos e pinturas, calquera que sexa a súa proporción e cantidade.

f) Carburo cálcico e outras substancias sólidas potencialmente perigosas (hidruros, peróxidos, cloratos, percloratos, bromatos, nitruros, sulfuros, etc.).

g) Refugallos, isótopos ou produtos radioactivos que superen os límites establecidos no Real decreto 2519/82, do 12 de agosto, que aproba o Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes e na súa modificación aprobada polo Real decreto 1753/87.

h) Residuos procedentes da limpeza de fosas sépticas.

i) Tódolos residuos ou mesturas que conteñan substancias que non poidan ser eliminadas cos procesos de tratamento das estacións depuradoras de augas residuais urbanas ou que non sexan vertidos tolerados ou atípicos, segundo os artigos seguintes.

CAPÍTULO II.- VERTIDOS TOLERADOS

Artigo 7

Tódalas actividades que vertan ou poidan verter á rede de sumidoiros as substancias contaminantes ás que fai referencia a relación I do Anexo ó Título III do Regulamento do dominio público hidráulico deberán declara-las concentracións de vertido das devanditas substancias para os efectos de autoriza-lo vertido á rede de sumidoiros.

Permitirase o vertido á rede de sumidoiros municipal a aqueles efluentes que unha vez atendidas as súas características non superen o establecido a continuación para os seguintes parámetros físicoquímicos:

<u>Parámetro</u>	<u>Unidade</u>	<u>Máximo instantáneo</u>
Temperatura	°C	40
Sólidos en suspensión	mg/l	600
Sólidos sedimentables	mg/l	5
pH	unidades	6 - 10
DB05	mg/l	600
DQO	mg/l	1.500
Aceites e graxas	mg/l	100
Fenois	mg/l	5
Deterxentes aniónicos	mg/l	12
Aldehídos	mg/l	4
Pesticidas	mg/l	0.2
Cloruros (Cl ⁻)	mg/l	2.000
Sulfatos (S042 ⁻)	mg/l	2.000
Sulfitos (S03 2 ⁻)	mg/l	10
Fluoruros (F ⁻)	mg/l	10
Cianuros (CN ⁻)	mg/l	1
Amoníaco (NH3)	mg/l	30
Nitratos (NO3 ⁻)	mg/l	20
Nitróxeno total Kjeldahl	mg/l	50
Fosfatos (P04 3 ⁻)	mg/l	60
Aluminio (Al)	mg/l	10
Arsénico (As)	mg/l	1
Bario (Ba)	mg/l	20
Boro (B)	mg/l	5
Cadmio (Cd)	mg/l	0.2
Cobalto (Co)	mg/l	0.2

Cobre (Cu)	mg/l	0.5
Cromo total (Cr)	mg/l	4
Cromo hexav. (Cr6+)	mg/l	0.5
Ferro (Fe)	mg/l	10
Manganeso (Mn)	mg/l	2
Mercurio (Hg)	mg/l	0.05
Molibdeno (Mo)	mg/l	0.02
Niquel (Ni)	mg/l	2
Chumbo (Pb)	mg/l	0.7
Selenio (Se)	mg/l	0.5
Estaño (Sn)	mg/l	5
Zinc (Zn)	mg/l	5
Sulfuros	mg/l	5
Prata (Ag)	mg/l	2

Os límites para os metais entenderanse como metais totais e non como metais disoltos.

Artigo 8

Coa fin de garantir un réxime de vertidos regular e continuo, quedan prohibidos aqueles vertidos periódicos ou espontáneos cando a súa concentración ou caudal excedan durante un prazo de quince minutos en máis de cinco veces o promedio da concentración o caudal de vertido durante a xornada laboral.

Cando resulte necesario para o cumprimento do presente artigo, deberán instalarse pretratamentos de homoxeneización e neutralización, e en particular depósitos de regulación.

O disposto nos apartados anteriores non afectaría ó necesario respecto das demais esixencias contidas neste regulamento.

CAPÍTULO III.- VERTIDOS ATÍPICOS

Artigo 9

Será obrigatoria a adopción de medidas axeitadas para evita-las descargas accidentais de vertidos que infrinxan o establecido no presente regulamento.

Se se producise situación de emerxencia ou de risco inminente, de producirse un vertido inusual, a persoa titular da actividade comunicaralle automaticamente ó Concello de Vilalba tal circunstancia coa fin de adopta-las medidas oportunas de protección das instalacións públicas e dos medios receptores. Seguidamente remitirá ó Concello un informe detallado no que se conterán os seguintes datos:

- *Características fisicoquímicas do vertido.*
 - *Volumen do vertido.*
 - *Duración.*
 - *Lugar da descarga.*

- Causas que a orixinaron.
- Medidas adoptadas e correccións para evita-la súa reprodución no futuro.

O concello investigará as causas que motivaron a situación de emerxencia ou de risco sen prexuízo das responsabilidades en que incorrese a persoa titular da actividade.

TITULO III

AUTORIZACIONES DE VERTIDO

CAPÍTULO I.- AUTORIZACIONES DE NOVAS INSTALACIONES

Artigo 10

Tódalas solicitudes de licenzia municipal de actividades e instalacións que orixinen ou poidan orixinar vertidos de augas residuais non domésticas á rede de sumidoiros deberán acompañarse da correspondente Autorización de Vertido e dunha copia da Declaración de Vertidos feita á Concesionaria da Xestión Integral do Servicio Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento deste Concello.

A Autorización de Vertido será concedida pola Concesionaria conforme á Declaración de Vertidos suscrita polo peticionario e o técnico redactor competente, tendo un carácter xeral para tódolos vertidos líquidos producidos pola actividade.

A información descritiva a aportar na Declaración de Vertidos de Augas Residuais á rede de sumidoiros incluírá os seguintes apartados:

A.- Datos xerais: nome da empresa, dirección, actividade, número C.N.A.E. (3 díxitos), clase de actividade segundo o Regulamento do dominio público hidráulico (**R.D. 849/86, do 11 de abril e modificado polo R.D. 606/2003, do 23 de maio**), quendas de fabricación, días productivos/ano e NIF.

B.- Subministro de auga: caudal total anual, medio diario e máximo horario para os casos de abastecemento municipal ou autoabastecemento de augas superficial ou subterránea.

C.- Materias primas, produtos e procesos: cantidades anuais de materias primas principais, produtos principais e aditivos empregados, denominación e descrición dos procesos que empregan auga, usos da auga, caudais e tempo de uso.

D.- Efluentes líquidos de vertido continuo: augas fecais, augas de refrixeración, augas de proceso e augas de lavado.

E.- Efluentes líquidos de vertido descontinuo: descrición do vertido líquido residual, proceso que o xera, cantidade producida e horario das descargas.

F.- Sistema de seguridade para o caso de descargas accidentais.

O Concello de Vilalba deseñará os modelos de impreso para o desenvolvemento da Declaración de Vertidos.

A concesión de Autorizacións de Vertido á rede de sumidoiros estará condicionada á obtención da licenza municipal de instalación á actividade de que se trate e ó control preventivo do cumprimento do presente regulamento.

Para tal fin, nos proxectos de instalación de actividades afectadas polo R.A.M.I.N.P. que orixinen ou poidan orixinar vertidos non domésticos de augas residuais á rede de sumidoiros, a Declaración de vertidos incluirá un estudio xustificativo sobre as medidas correctoras previstas para que os vertidos de augas residuais cumpran o estipulado no presente regulamento.

Este estudio conterá como mínimo:

a) Usos da auga.

Baixo este epígrafe terán que reflectirse, como mínimo, cada un dos distintos usos industriais da auga:

1 Caudais e características físicoquímicas de cada un dos efluentes líquidos residuais sen tratar.

2. Localización dos efluentes líquidos residuais (punto de conexión co saneamento ou coa instalación correctora), sinalado no plano de planta.

b) Medidas correctoras aplicadas.

Xustificaranse sempre que as características do total dos caudais empregados nas instalacións obxecto do proxecto de actividade, non cumpran os límites tolerados relacionados no artigo 7 do presente regulamento.

Esta xustificación conterá, cando menos, os seguintes apartados:

1 Tipo de tecnoloxía a empregar.

2 Descrición das instalacións de depuración ou eliminación para os efluentes líquidos xerados.

3 Localizacións das instalacións de depuración e eliminación, da arqueta ou rexistro individual, e do vertido líquido final ó saneamento municipal, grafiados en plano de planta.

4 Características físicoquímicas do vertido unha vez tratado.

c) Información sobre os residuos perigosos xerados:

1 Residuos lamacentos.

2. Aceites usados.

3. Outros residuos tóxicos e perigosos.

4 Destino que se lles dá ós subproductos orixinados na depuración, se os houbese, en función das súas características, segundo o estipulado no R.D. 833/1988, do 20 de xullo.

Cando os datos consignados na Declaración de Vertidos non estean debidamente acreditados ou existan indicios racionais de anomalías nos datos presentados, poderá requirirse ó interesado ou petionario para que presente unha análise do vertido feito por un laboratorio homologado. O técnico redactor competente e o petionario serán responsables dos datos consignados na Declaración de Vertidos.

Concello de Vilalba - REGULAMENTO MUNICIPAL DOS VERTIDOS NON DOMÉSTICOS DE AUGAS RESIDUAIS Á REDE DE SUMIDOIROS.

As actividades clasificadas que orixinen ou poidan orixinar vertidos directos de augas residuais a leitos ou augas subterráneas, deberán solicita-la Autorización de Vertido de Augas Residuais ó órgano administrativo competente, con carácter previo a solicitude da licencia municipal de actividades e instalacións, debendo achega-lo xustificante correspondente con esta.

Artigo 11

A Autorización de Vertido á rede de sumidoiros estará condicionada á comprobación do establecemento e eficacia das medidas correctoras contidas no proxecto de instalación ou fixadas na licencia de instalación para o que deberá disporse de licencia de apertura ou autorización de posta en marcha e de acordo no seu caso, co procedemento establecido para a concesión de licencias de actividades clasificadas.

As solicitudes de Autorización de Vertido formuladas polos interesados resolveranse nun prazo máximo de dous meses e coa maior celeridade posible. Na autorización de vertido poderán establecerse limitacións e condicións con respecto ós valores máximos e medios permitidos nas concentracións de contaminantes, características fisicoquímicas das augas residuais vertidas, límites de caudal de vertido, horario das descargas, instalacións de depuración, frecuencia de mostraxe e medicións, mantemento, informes técnicos, libro de rexistro e condicións complementarias que garanten o cumprimento do presente regulamento.

A comprobación da declaración de vertidos líquidos é vinculante para a posta en marcha e funcionamento de cada actividade ou industria clasificada, tendo a devandita Autorización de Vertido carácter provisional ata a realización da dita comprobación polo Concello. A dita comprobación realizarase por persoal competente (persoal municipal acreditado e/ou persoal técnico (a Concesionaria do servizo), para o cal o petionario da Licencia de Actividade ou industria clasificada dispón dun prazo de vinte días para solicitala despois da concesión da alta de abastecemento e saneamento pola Concesionaria.

Cando sexa desfavorable a comprobación de vertidos líquidos, a Concesionaria dará de contado de baixa do servizo a actividade mentres non se corrixan as deficiencias observadas. A Declaración de vertidos, a Autorización de Vertido e a Comprobación de Vertidos Líquidos son os documentos básicos para o control dos vertidos non domésticos de augas residuais. Coa Comprobación de Vertidos poderán anularse, modificarse ou ampliarse as condicións e limitacións impostas na Autorización de Vertido. Toda a información acadada será incluída no correspondente inventario ou rexistro de vertidos á rede de sumidoiros conxuntamente coa identificación industrial.

Artigo 12

Cando pola natureza do vertido se precisen ensaios posteriores ou comprobación do funcionamento das instalacións, e previa solicitude do titular, fixarase o prazo para efectúa-los ensaios ou comprobacións e á súa finalización a persoa interesada solicitará a Autorización de Vertido.

Durante o indicado prazo poderanse conceder permisos provisorios de subministro de auga. Non obstante, tódalas Autorizacións de Vertido á rede de sumidoiros son revisables como máximo cada catro anos, podendo ser revocadas en caso de incumprimento das súas condicións, para o cal deberán ser semellantes os datos procedentes do control municipal e aqueles procedentes do autocontrol da empresa.

Para poder realizar cambios no vertido con respecto ós datos declarados deberase solicitar novamente autorización. O Concello de Vilalba poderá en calquera momento esixir los datos do autocontrol ás actividades cun caudal de abastecemento e/ou de autoabastecemento de auga igual ou superior ós 3.000 m³ no último ano, estando obrigadas a levar un rexistro con cando menos os parámetros explicitados tanto na Autorización de Vertidos como na Comprobación de vertidos líquidos durante os últimos catro anos, para verificar que os vertidos non superen as limitacións establecidas no presente regulamento. Para isto, o titular da Autorización de Vertido tomará as mostras e realizará as análises correspondentes coa periodicidade fixada, remitíndoos anualmente ó Concello de Vilalba durante os primeiros catro anos.

Artigo 13

A existencia de autorización de vertido será necesaria para formalizar los contratos de subministro de auga ás actividades e para a concesión da Licencia Municipal de Actividades e Instalacións.

CAPÍTULO II.- INSTALACIÓNS EXISTENTES

Artigo 14

As instalacións en funcionamento e que dispoñan de licencia municipal de actividades e instalacións no momento da entrada en vigor do presente regulamento, deberán axustarse ós límites e condicións de vertido desta no prazo DUN ANO prorrogable por outro ano máis presentando previamente o proxecto de adaptación e se existen razóns que así o xustifiquen. Durante o indicado prazo deberán respectarse os límites fixados na normativa vixente con anterioridade.

Artigo 15

As actividades ás que se refire o artigo anterior disporán dun prazo de seis meses para presentar no Concello e a través da Concesionaria, unha Declaración de Vertidos na que se inclúa un estudo sobre o caudal e o seu réxime, concentración de substancias e características para as que se establecen limitacións no presente regulamento, así como as medidas correctoras necesarias para adaptarse ás determinacións do presente regulamento, segundo o sinalado nos artigos 10 e 11 .

As instalacións en funcionamento e que dispoñan de licencia municipal de actividades e instalacións no momento de entrada en vigor do presente regulamento, que pretendan verter ó saneamento de nova construción, deberán presentar con carácter previo á correspondente Declaración de Vertidos, para os efectos da posible autorización do vertido non doméstico, segundo o sinalado nos artigos 10 e 11.

Tódalas actividades en funcionamento sen licencia municipal de actividades e instalacións que orixinen ou poidan orixinar vertidos de augas residuais que pretendan verter á rede de sumidoiros deberán solicita-la correspondente licencia municipal de actividades e instalacións, tramitándose segundo o sinalado nos artigos 10 e 11, e sen prexuízo do cumprimento da legalidade urbanística, especialmente no caso daquelas actividades sometidas ó Regulamento sobre actividades clasificadas.

CAPÍTULO III.- MODIFICACIÓNS DE INSTALACIÓNS

Artigo 16:

Non poderán autorizarse ampliacións ou modificacións a instalacións existentes de non se respectaren no conxunto das instalacións ampliadas ou modificadas as condicións esixidas para as novas instalacións.

Artigo 17

Calquera modificación que o/a titular dunha instalación desexe introducir nas materias primas, maquinaria, proceso productivo, sistema de depuración ou de saneamento que poida afectar ó réxime de vertidos á rede de sumidoiros deberá poñerse en coñecemento do Concello para autorizala ou impoñer no seu caso as correccións oportunas.

Artigo 18

En todo caso, o Concello poderá requirir ós titulares das actividades instaladas para que procedan a corrixir as deficiencias que observasen coa fin de cumprilas esixencias contidas no presente regulamento e nas mesmas condicións que as novas instalacións.

TÍTULO IV

CONTROL DE VERTIDOS

CAPÍTULO 1.- INSPECCIÓN DE VERTIDOS

Artigo 19

O Concello de Vilalba, a través dos seus servizos de inspección ou dos da Concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento, exercerá de oficio a inspección e vixilancia periódicas das actividades que vertan á rede de sumidoiros.

A inspección e vixilancia alcanzará ás instalacións das actividades que poidan afectar á calidade do vertido, e en especial as arquetas de rexistro, as conducións de saneamento, os procesos produtores de vertidos e as plantas de pretratamento ou depuración de augas.

Artigo 20

As visitas de inspección xiraranse por persoal inspector competente (persoal municipal debidamente acreditado ou persoal técnico da Concesionaria) sen que se requira a previa advertencia ó titular da actividade.

Os/as titulares das actividades deberán facilitar a práctica da inspección, e para tal fin, estarán obrigados ás seguintes actuacións:

- a) Facilita-lo acceso do persoal inspector ás distintas instalacións relacionadas co vertido así como a montaxe do equipo e instrumental de control.*
- b) Permitta-la utilización de cantos instrumentos utilice a empresa coa finalidade de autocontrol, especialmente aqueles destinados para medida de caudais, toma de mostras e análises correspondentes.*

c) Poñer á disposición do persoal inspector os datos, partes de traballo, análises, libro de rexistro e canta información requiran en relación coa inspección.

Da inspección levantarase acta por triplicado que asinarán a/o inspector/a e a persoa responsable da actividade no momento de realizarse a inspección e farase constar no libro de rexistro de visitas.

O libro rexistro de visitas será facilitado polo Concello de Vilalba e a persoa titular da actividade deberá gardalo e poñelo a disposición do persoal inspector competente cando así o soliciten en cada visita.

Poderase recoller unha mostra do vertido de augas residuais por triplicado que quedará precintada e etiquetada. Neste caso, conxuntamente entregarase ó interesado, xunto co exemplar da acta de inspección, unha das mostras tomadas, deixándose outra mostra en depósito para a posible análise dirimente. Se no momento da inspección non estivese presente a persoa titular ou responsable da actividade ou se negase a toma-la devandita mostra do vertido, esta quedará en depósito dispoñendo o interesado de 24 h a partir da recollida oficial para retirala.

Unha vez transcorrido este prazo decae no dereito a facer a análise contradictoria por tratarse dun produto que pode modifica-las súas características físicas, químicas e biolóxicas co paso do tempo. No caso de face-la análise contradictoria, deberá presentarse nas instalacións que sinale o Concello co técnico analista designado nas 24 h seguintes á recollida oficial, portando a mostra que obra no seu poder.

Unha vez transcorrido este prazo tamén decae no seu dereito face-la dita análise. Os parámetros analíticos serán os especificados na comprobación de vertidos líquidos ou, no seu defecto, na autorización de vertidos, pero en todo caso deberán ser cando menos os seguintes: pH, conductividade, sólidos en suspensión, DB05, DQO e aceites e graxas.

Artigo 21

Os titulares das actividades deberán remitir ó Concello un informe anual no que se sinale a definición da carga contaminante que verten e incluírán os caudais de vertido, a concentración de contaminantes, a duración e demais elementos necesarios para a súa definición.

A periodicidade do informe poderá ser modificada en cada caso pola alcaldía en atención ós resultados das inspeccións practicadas polo Concello e dos niveis de carga contaminante que se comprobren, así como do caudal vertido.

CAPÍTULO II.- MOSTRAXE DE VERTIDOS

Artigo 22

Será obrigatoria a existencia de saneamento independente para cada actividade ata conectar coa rede municipal de sumidoiros; e para tal fin, nas operacións de división de pavillóns existentes mantendo a unidade parcelaria ou nas edificacións apegadas nunha mesma parcela deberán establecerse saneamentos independentes para cada unha das unidades edificatorias.

Artigo 23

Concello de Vilalba - REGULAMENTO MUNICIPAL DOS VERTIDOS NON DOMÉSTICOS DE AUGAS RESIDUAIS Á REDE DE SUMIDOIROS.

Con independencia doutras arquetas comúns e antes destas, tódalas actividades, instalacións industriais ou industrias que vertan á rede municipal de sumidoiros, disporán dunha única arqueta ou rexistro individual para o vertido das augas residuais, que recolla todas aquelas que proveñan da actividade, e que deberán estar situadas dentro da súa parcela, augas abaixo do derradeiro vertido, nun lugar accesible desde o exterior para os servicios de inspección, libre de todo obstáculo e atoparse en adecuado estado de limpeza para a súa función.

As súas dimensións e características deberán ser tales que permitan ós Servicios Técnicos Municipais tanto a recollida de mostras como a determinación do caudal vertido para o cal o Concello de Vilalba establecerá unha arqueta-tipo para o control individual de efluentes industriais, debendo axustarse a esta.

Artigo 24

As actividades en funcionamento á entrada en vigor da presente ordenanza disporán dun prazo de SEIS MESES para a instalación da arqueta para toma de mostras nas condicións establecidas na presente ordenanza. Esta esixencia deberana cumprir estrictamente tódalas actividades que pertencen a algún dos grupos seguintes:

1.- Actividades cun caudal de abastecemento e/ou de autoabastecemento igual ou superior a 3.000 m³ no derradeiro ano.

2.- Actividades que superen, ou poidan superar, nalgún momento algunha das limitacións contempladas no artigo 7 deste regulamento.

Este prazo ampliarase a UN ANO para aquelas actividades que precisen realizar obras de independización de redes de saneamento común a varias actividades, ou que precisen realizar obras para unifica-los vertidos dunha soa actividade nunha única arqueta.

Artigo 25

Cando o caudal e a carga contaminante do vertido o fagan aconsellable para un control continuo de determinadas actividades especialmente contaminantes, o Concello esixirá a instalación dos equipos de medición de aforo, toma de mostras e control precisos.

Estes equipos de alerta, que serán propiedade dos titulares das actividades e instalaranse no lugar que o Concello sinala, deberán atoparse en adecuado estado de conservación.

Artigo 26

A técnica na toma de mostras variará segundo a determinación a realizar. Para vertidos prohibidos, a toma de mostras poderá ser instantánea, tomada en calquera punto da instalación de saneamento e en calquera momento.

Para vertidos tolerados, a toma de mostras realizarase na arqueta final de vertido, terá unha duración mínima dunha hora e proporcional ó tempo de vertido e farase de acordo co estándar internacional ISO 5667-10 ou norma equivalente.

CAPITULO III.- CONTROL ANALÍTICO DE VERQUIDOS

Artigo 27

As mostras recollidas polos servicios municipais de inspección analizaranse inicialmente nun laboratorio homologado designado para tal efecto. Non obstante, o persoal inspector poderá determinar "in situ" aqueles parámetros que poidan ser analizados deste xeito mediante técnicas normalizadas, o cal reflectirá na correspondente acta.

Artigo 28

As análises para comproba-las características dos vertidos efectuaranse de acordo cos métodos patrón adoptados polo laboratorio homologado, segundo o disposto na lexislación sobre métodos oficiais para augas, ou no seu caso no Standard methods for the examination of water an wastewater.

Artigo 29

No caso de desconformidade cos resultados da mostra inicial, a persoa interesada poderá realizar unha análise contradictoria coa mostra que obra no seu poder debidamente precintada.

Para tal fin a/o interesada/o disporá dun prazo de oito días dende a recepción dos resultados obtidos no laboratorio homologado para notificar que outro laboratorio homologado ou admitido previamente polo Concello aceptou a mostra, ou que o laboratorio elixido é o laboratorio homologado designado ó efecto polo concello .

Cando o laboratorio fose un laboratorio homologado, a persoa interesada disporá dun prazo dun mes dende a notificación da análise inicial para presentar ó Concello os resultados analíticos. Se non se presentase a análise no dito prazo estarase ó resultado da análise inicial.

Se a análise contradictoria se fixese no laboratorio homologado designado para tales efectos polo Concello, o interesado poderá designar un técnico competente para estar presente nos ensaios pertinentes, e o resultado entregarase ó/á interesado/a no prazo dun mes dende a notificación da análise inicial.

Artigo 30

En caso de que os resultados da análise inicial e da contradictoria non sexan coincidentes en canto ó cumprimento ou non dos límites de vertido fixados neste regulamento, procederase á práctica dunha análise dirimente.

Esta análise practicarase no laboratorio homologado que designe o Concello ou naquel que sen estar homologado acorden o Concello e a persoa interesada.

A análise realizarase sobre a mostra dirimente precintada que obre en poder do Concello segundo o procedemento a que se refiren os artigos 20 e 26.

Os resultados desta análise determinarán o cumprimento ou incumprimento dos límites marcados no presente regulamento, sendo o seu custo aboado por quen presente unha análise que non coincida coa análise dirimente.

TÍTULO V

SUSPENSIÓN DE VERTIDOS E DE ACTIVIDADES, INFRACCIONES E SANCIONES

Artigo 31

O alcalde poderá ordenar motivadamente a suspensión inmediata do vertido dunha actividade cando careza da Autorización de Vertido, o vertido incumpra as condicións establecidas na Autorización de Vertido ou na Comprobación de Vertidos Líquidos, ou motivadamente cando os vertidos supoñan unha situación de risco grave para as instalacións públicas de saneamento, a saúde pública ou o medio ambiente.

Igualmente, poderá aplicarse cando as actividades realicen vertidos contaminantes ás augas superficiais ou subterráneas, que supoñan un risco grave ou danen os recursos naturais e o medio ambiente do termo municipal de Vilalba.

Poderá precintar a actividade, dála provisionalmente de baixa do Servicio de Abastecemento de Auga e Saneamento e adoptar conxuntamente outras medidas que permitan asegurar a efectividade da suspensión cautelar. A actividade causante do vertido deberá axeita-lo seu vertido ó presente regulamento e ás condicións particulares da Autorización de Vertido e da Comprobación de Vertidos, así como á lexislación ambiental aplicable vixente.

Consideraranse faltas ó presente regulamento as seguintes infraccións:

a) A carencia de autorizacións ou permisos para o exercicio da actividade e posta en marcha e funcionamento das instalacións, así como o incumprimento das condicións esixibles nas devanditas autorizacións.

b) A utilización da rede de sumidoiros sen a Autorización de Vertido, o incumprimento das condicións fixadas na Autorización de vertido e na Comprobación de Vertidos Líquidos ou o incumprimento da obriga de declarar as concentracións de calquera das substancias contaminantes as que fai referencia a relación 1 do Anexo ó Título III do Regulamento do dominio público hidráulico.

c) A resistencia ou demora para a instalación dos elementos correctores que fosen esixidos na aplicación do presente regulamento.

d) O incumprimento dos prazos de adaptación das actividades existentes ás esixencias que para unha axeitada inspección se establecen nos artigos 15 e 24.

e) A posta en funcionamento de aparellos ou instalacións prohibidos ou clausurados.

f) A emisión de vertidos prohibidos ou que incumpran os límites para a súa tolerancia, así como a superación dos límites fixados para vertidos periódicos ou esporádicos no art. 8.

g) A falta de advertencia ó Concello da existencia dunha situación de emerxencia ou de risco inminente para as instalacións da rede de sumidoiros ou de depuración, así como a falta de remisión do oportuno informe posterior á situación de emerxencia ou risco.

h) A omisión das medidas procedentes para diminuí-las descargas accidentais por enriba dos límites do presente regulamento.

i) A obstaculización do labor inspector en relación coa vixilancia do cumprimento do presente regulamento.

j) A falta de mantemento das instalacións de vertido que dificulten os labores de inspección.

Artigo 32

As faltas serán sancionadas con multa de ata 3.000 euros e clausura temporal ou definitiva das instalacións.

A sanción de clausura temporal ou definitiva soamente poderá ser imposta logo da imposición de tres multas, coa excepción de que a falta cometida fose a carencia de autorizacións ou permisos para o exercicio da actividade, ou o incumprimento de calquera das condicións que sexan esixibles nas devanditas autorizacións. En tal caso, poderase impoñer-la clausura ata que se concedan as autorizacións ou sexan cumpridas as condicións que fosen esixibles.

Artigo 33

A sanción de clausura levará implícita a suspensión temporal ou definitiva no subministro de auga e do saneamento á actividade de que se trate ou polo tempo en que a dita clausura sexa acordada.

Artigo 34

A imposición de sancións non exclúe en ningún caso a obriga da persoa titular da actividade de reparar-lo dano causado e de responder dos danos producidos ás instalacións municipais. Neste último caso, a reparación será desenvolvida polo Concello de Vilalba a costa do infractor. Se non se puidese repoñer-lo seu estado anterior, o infractor deberá indemnizar polos danos e prexuízos ocasionados.

TÍTULO VI.- NORMAS ADICIONAIS DE PROTECCIÓN. REXISTRO DE VERTIDOS. RÉXIME FISCAL.

Artigo 35

Na elaboración de plans que desenvolvan as Normas Subsidiarias Municipais, ou no seu caso o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vilalba que afecten a zonas onde se localicen actividades industriais, será preceptivo un estudo técnico sobre a previsible contaminación por vertidos residuais.

Artigo 36

A non presentación da oportuna Declaración de Vertidos non exime da obrigación de establecer as medidas correctoras que procedan, esixibles de acordo coa normativa xeral e as normas contidas neste regulamento.

Artigo 37

Concello de Vilalba - REGULAMENTO MUNICIPAL DOS VERTIDOS NON DOMÉSTICOS DE AUGAS RESIDUAIS Á REDE DE SUMIDOIROS.

O Concello elaborará un inventario ou rexistro de vertidos conforme ás Declaracións de Vertidos, Autorizacións de Vertido e Comprobacións de Vertidos co obxecto de identificar, clasificar e regula-los vertidos non domésticos de augas residuais.

De acordo co anterior rexistro e o que resulte das comprobacións efectuadas, o Concello cuantificará periodicamente as diversas clases de vertidos. A Concesionaria do Servicio Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento desenvolverá as devanditas funcións de control rutinario, en comunicación permanente cos servicios técnicos municipais competentes.

Artigo 38

Mediante a correspondente Ordenanza Fiscal Municipal, os titulares de vertidos de augas residuais satisfarán a taxa ou canon de vertido que se fixe.